

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027654	IES Agra de Leborís	A Laracha	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Contextualmente, o alumnado do IES Agra de Leborís da Laracha reúne as características idóneas para a aprendizaxe do portugués como segunda lingua estranxeira. Trátase dunha contorna rural que abraza unha vila coa que se relaciona estreitamente (servizos, comercio, administración...). Isto é significativo en canto que a maior parte do noso alumnado ten un bo dominio da lingua galega e iso supón, cando menos, unha óptima disposición cara á aprendizaxe do portugués.

Esa vantaxe lingüística do alumnado galego en xeral, mais particularmente do alumnado galegofalante da Laracha, tradúcese en:

- Correcta -e rápida- asimilación fonética do portugués.
- Comprensión e adopción case espontánea das súas estruturas sintácticas.
- Coñecemento e recoñecemento fluído da tradición cultural lusa.
 - A isto engádese a relativa facilidade con que este mesmo alumnado pode entrar en contacto directo con Portugal, ben sexa a través de visitas particulares (coa familia...), ben a través das visitas organizadas polo noso centro. En calquera dos dous casos, a interacción coa poboación nativa e a súa forma de vida, esencial para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, é factible neste caso e significa, por proximidade xeográfica e cultural, unha oportunidade única de aprender un idioma en frecuente e estreito contacto directo co país do que esa lingua é orixinaria.
 - A maiores, unha pequena parte do noso alumnado ten lazos directos con Portugal ou Brasil, lazos familiares envarios dos casos. Desde o noso departamento temos a oportunidade de tender unha ponte entre as dúas culturas, e non só para os alumnos e alumnas que as comparten a nivel familiar, senón para todos e todas, pois é incuestionábel que un pasado lingüístico común e innumerábeis conexións en canto ás tradicións, á organización das formas de vida (nomeadamente no rural), ás manifestacións culturais, etc., fan que se produza unha identificación inmediata e significativa entre o estudantado galego e a lingua portuguesa.
 - Desde o punto de vista estritamente lingüístico, ademais, cómpre destacar a enorme vantaxe que supón estudar simultaneamente varias linguas románicas: o alumnado asimílaas comparativa e conxuntamente (de forma inconsciente e/ou polo propio labor do profesorado) e adquire, transcorrido o tempo, unha maior competencia lingüística ca se este estudo fose único e por separado, mesmo se incrementa a súa capacidade para adquirir con máis facilidade linguas doutras familias (non latinas, como as xermánicas).
 - Por outra banda, o portugués pode converterse nunha segunda lingua estranxeira accesible con certas garantías de éxito para aqueles/as alumnos e alumnas que presentan dificultades na área lingüística, o que sen dúbida reforza a súa autoestima (vense capaces, coma todos os demais, de aprender unha segunda lingua estranxeira, precisamente polo moito que se parece á súa) e tradúcese nunha maior progresión académica do alumnado no conxunto das materias que conforman o nivel que cursa.
 - Coa aprendizaxe do portugués, en definitiva, estase a reafirmar a relación histórica, lingüística e cultural entre dous pobos con raíces comúns que hoxe en día están nas mellores condicións para coñecerse e recoñecerse mutuamente (este contexto é absolutamente excepcional, posto que estamos ante un contacto internacional que, na realidade, supón a confraternización entre dúas culturas que falaron a mesma lingua séculos atrás e compartiron - comparten- unha cultura común en moitos aspectos).

Os obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación estarán suxeitos a variacións particulares adaptadas a cada curso e grupo concretos, que non variarán o espírito específico desta programación, pero responderán a variábeis imposibles de planificar na súa totalidade.

En canto ás porcentaxes por unidade didáctica, procurarase manter o programado aínda que insistimos na necesidade de adaptarse ao alumnado e ritmos de aprendizaxe, polo que de ser necesario, axustaranse á realidade que vaia xurdindo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O portugués no mundo mais día a día	A lusofonía	20	10	X	X	X
2	Fonética do portugués	Sons novos e consolidados, a súa páctica	20	10	X	X	X
3	Comprensión e produción de breves textos orais e escritos	Presentación, reprodución oral de situacións reais e accións cotiás (meses, estacións, ir mercar, ir ao médico, hábitos saudábeis, información e descrición de carácter persoal, a familia, dar instrucións..)	20	20	X	X	X
4	Ortografía e gramática	Letras novas (uso de novas letras e soletrear palabras) e o alfabeto, presente de indicativo (verbos regulares e irregulares),imperativo, PPS (verbos regulares...) Principais aspectos gramaticais.	20	15	X	X	X
5	Enriquecemento léxico, expresións e falsos amigos	Adquisición de vocabulario de diversas profesións, o corpo, estacións do ano, meses, feriados, familia, trazos físicos e psicolóxicos... Achegamento a aquelas palabras con diferente significado nas dúas linguas.	20	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O portugués no mundo mais día a día	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Recoñece o sentido global e as informacións específicas máis elementais sobre temas frecuentes e cotiás	PE	53

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usa de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido global, ideas principais de diferentes textos		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende descrições, narracións e instrucións moi elementais sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas básicos previamente traballados		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Produce oralmente textos breves sobre temas cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo e á entoación.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Planifica e redacta distintos tipos de textos e revisa a súa produción.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica estratexias e produce diferentes tipos de textos e revisa a súa produción.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronuncia de xeito intelixible nas súas intervencións.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactúa utilizando expresións e estruturas que permitan a comunicación.	TI	47
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprende preguntas elementais e dá información sinxela sobre información persoal básica ou sobre instrucións e peticións simples relacionadas co ámbito escolar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utiliza estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender e considera o erro como fonte de aprendizaxe.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmítelle a outras persoas información moi simple e previsible de palabras e de textos moi curtos e simples mostrando empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica de forma guiada estratexias que axuden a facilitar a comunicación usando recursos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Compara e contrasta a lingua que esta aprendendo co resto de linguas que coñece		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñece estereotipos e rexeita aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utiliza estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira e amosa por comprender elementos culturais e lingüísticos.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionadas cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido).
- Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).
- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.)).
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Fonética do portugués	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Recoñece o sentido global e as informacións específicas máis elementais sobre temas frecuentes e cotiáns	PE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usa de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido global, ideas principais de diferentes textos		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende descrições, narracións e instrucións moi elementais sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas básicos previamente traballados		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Produce oralmente textos breves sobre temas cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo e á entoación.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronuncia de xeito intelixible, aínda comentendo algún erro de pronuncia.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza adecuadamente convencións orais e escritas básicas da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica de forma guiada estratexias que axuden a facilitar a comunicación usando recursos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico para mellorar a súa capacidade de comunicar e aprender a lingua estranxeira.	TI	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación e recoñecendo estratexias de logro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	Comprensión e produción de breves textos orais e escritos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Comprende e interpreta distintos tipos de textos ao seu nivel.	PE	60
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende e interpreta distintos tipos de textos ao seu nivel.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Produce tipos de textos adecuándoos á canle e procedementos comunicativos.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Planifica e redacta distintos tipos de textos e revisa a súa produción.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronuncia de xeito intelixible nas súas intervencións.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza de xeito adecuado as convencións orais e escritas e amosa respecto polas culturas alleas.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactúa o suficiente, pide que se lle repitan os puntos claves, sempre que o necesita.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprende preguntas básicas de información persoal, instrucións e de ámbito escolar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Interactúa utilizando expresións e estruturas que permitan a comunicación		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara as demais persoas.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmite información simple a outras persoas e amosa unha actitude de respecto polas producións alleas.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias para mellorar e facilitar a comunicación.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Compara e contrasta semellanzas e diferenzas entre as distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os avances e as dificultades na súa aprendizaxe.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explica o proceso de produción de textos.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e evita os prexuízos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados.
- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Ortografía e gramática	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Recoñece o sentido global e informacións específicas de textos orais e escritos multimodais sobre temas frecuentes e cotiáns expresados de forma facilmente comprensíbel.	PE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redacta textos curtos e moi elementais a partir de modelos sinxelos e básicos adecuados á súa idade a ao seu nivel escolar.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza de xeito adecuado as convencións orais e escritas e amosa respecto polas culturas alleas.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completa formularios e documentos moi elementais onde se solicite información persoal moi básica.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos a partir de modelos e con axuda previa.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmítelle a outras persoas información moi simple e previsible de palabras e de textos moi curtos e simples mostrando empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica de forma guiada estratexias elementais que faciliten a comunicación utilizando os recursos necesarios.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.	TI	55
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe e realiza de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñece estereotipos e rexeita aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utiliza estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Respecta a plurilidade lingüística como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	Enriquecemento léxico, expresións e falsos amigos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Comprende e interpreta distintos tipos de textos adecuados ao seu nivel.	PE	60
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende diferentes tipos de textos adecuados ao seu nivel		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Produce tipos de textos adecuándoos á canle e procedementos comunicativos		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Planifica e redacta distintos tipos de textos e revisa a súa produción.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza de xeito adecuado as convencións orais e escritas e amosa respecto polas culturas alleas.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender.	TI	40
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os avances e as dificultades na súa aprendizaxe.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explica o proceso de produción de textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñece estereotipos e rexeita os que supoñen discriminación e prexuízos.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Respecta a plurilidade lingüística como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais

A aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira coma o portugués é, polos motivos expostos na introdución, un proceso que se afasta do habitual nestes casos, pois estamos a falar dunha lingua coa que o galego, idioma habitual do noso alumnado, ten máis concomitancias ca co resto das linguas oficiais dentro do seu propio país. A situación, é, pois, excepcional: compartimos estruturas léxicas e sintácticas e o groso do noso sistema gramatical cunha lingua - estranxeira- e iso, paradoxalmente, significa que os nosos alumnos e alumnas son os mellor dispostos, despois dos usuarios nativos, para a aprendizaxe do portugués, pois non estamos a falar dunha lingua allea e descoñecida, senón dun sistema moi próximo ó noso do que, en definitiva, só nos afastan diferenzas, nomeadamente fonéticas, bastante puntuais. Esa é a razón pola que un ou unha alumna galega pode botarse a ler comprensivamente en portugués en moi pouco tempo, e iso, evidentemente, supón unha situación de partida diferente á hora de estudar unha lingua

estranxeira.

Por todo o exposto, a metodoloxía tradicional de base dedutiva, aínda que sexa ineludíbel en ocasións, vai resultar ser frecuentemente improdutivo neste caso. É preciso, sobre todo no primeiro ano -e no segundo, quizais, independentemente do nivel (pois pode escoller a lingua tamén como optativa nun nivel avanzado)- facer o camiño ao revés e chegar á norma logo dunha variada exploración: analoxías, semellanzas co galego e con outras linguas románicas, uso da fonética galega para o caso da comprensión oral, análise de usos que se lle dá en cada caso a determinado vocabulario específico (falsos amigos). A indución é, en definitiva, a vía xeneralizada para as nosas actuacións, e inducir desde a oralidade, ou desde a lingua escrita, a composición gramatical dunha lingua admite miles de enfoques e combinacións, moitos deles lúdicos, para a súa aprendizaxe, sobre todo nos niveis iniciais:

- Estratexias metodolóxicas xerais:

- A imaxe formará parte, en todos os niveis, do enfoque metodolóxico que queremos potenciar: imaxe para a expresión oral e imaxe para a expresión escrita: a lingua que vive en cada visionado: na aula, no propio alumnado, no material audiovisual... Se facemos un uso recorrente dela, adecuándoa a determinados obxectivos, facemos a aprendizaxe efectiva e significativa e creamos unha base sólida para construcións lingüísticas máis complexas. Empregarase sobre todo para a adquisición de léxico irá enriquecéndose pouco a pouco. Nos primeiros cursos será sinxelo, accesible, concreto e familiar. Os textos elixidos serán sacados da vida corrente de todos os días, situacións coñecidas polas e polos alumnos: prezo nun supermercado, farmacia, tenda de roupa, correos...

- A interacción do colectivo que conforma a clase é outro dos piares sobre os que se constrúe o predio lingüístico: é preciso aprender xuntos un código que serve, basicamente, para comunicarnos cos demais. A lingua pasa, entón, por métodos que propicien a intervención do grupo e a interlocución continua dos seus membros: representación de escenas cotiás, concursos de léxico e traballos elaborados por medio de plataformas dixitais e ou fisicamente (léxico, cotiá, formas verbais, cultura...) , resposta ás fórmulas de uso habitual (saúdo, presentación...).

- A música é un dos camiños a percorrer. Os textos poden escoitarse e cantarse aínda sen ser estudados lingüisticamente, e iso permitirá que o alumnado aprenda de maneira activa e atractiva e cree unha expectativa da súa propia aprendizaxe moito máis elevada ca se se tratase dun texto común.

- A estancia no mundo lusófono, física ou virtual, completa un proceso dinámico no que a lingua debe ser usada para aprenderse a si mesma: no seu territorio de orixe, no caso das visitas didácticas organizadas a Portugal, e nos territorios da Lusofonía que as novas tecnoloxías nos ofrecen actualmente (posibeis intercambios con estudantes portugueses a través de calquera medio: cartas en papel, correo electrónico, videochamada...).

- A gramática da lingua non será en ningún caso un obxectivo en si mesma, senón que estará ao servizo, en calquera caso, da aprendizaxe por competencias.

- A metodoloxía, en definitiva, é a que se vaia requirindo ó longo do curso segundo as necesidades. Ten máis sentido, xa que logo, falar dela na memoria final, pois en principio só se poderían presentar unhas liñas de actuación, de intención e de susposta idoneidade. Só o tempo e o proceso de aprendizaxe que se desenvolva co alumnado de portugués permitirán confirmar esta liña proposta.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Este curso utilizarase o libro de texto que xa se empregou en anos anteriores: Português XXI, Nivel A1, LIDEL Edições. O libro consta de 12 unidades e neste 2º curso traballaremos da 6 á 12 (atendendo á flexibilidade de cambios, adaptándonos así ao alumnado e ao seu ritmo grupal e mesmo individual de aprendizaxe).

Ademais do libro de texto traballárase con outros materiais que foron elaborados (e elaboraranse cantos cumpran) adecuándoos ás necesidades de cada grupo, tendo sempre en conta que unha parte do alumnado precisa dun reforzo especial de inmersión de ser a primeira vez que cursa a materia de Lingua portuguesa. No caso de 2º da ESO, pode haber alumnado nesta situación, polo tanto, a adaptación de materiais débese máis que nada á atención á

diversidade (alumnos/as con certas dificultades).

En xeral, todos os materiais e recursos que se empreguen serán pensados especificamente para aumentar a eficacia de determinadas aprendizaxes. Entre outros, recorreremos a:

- Libros de texto de apoio: NAVEGAR EM PORTUGUÊS I, FALAS PORTUGUÊS?, PORTUGUÊS EM FOCO, NA CRISTA DA ONDA, PASSAPORTE PARA PORTUGUÊS,
- Materiais teóricos: GRAMÁTICA ATIVA I, GRAMÁTICA ATIVA II, NOVA GRAMÁTICA DE PORTUGUÊS, FALSOS AMIGOS, 500 ERROS MAIS COMUNS DA LÍNGUA PORTUGUESA, MANUAL DE FONÉTICA, HOJE EM DIA, PORTUGUÊS ATUAL 3.
- Prácticas de lingua e exercicios: FALAR PELOS COTOVELOS, PORTUGUÊS OUTRA VEZ, PORTUGUÊS EM DIREITO, PRATICAR PORTUGUÊS, DO Ñ PARA O NH, ESCRITA EM DIA, POR FALAR NISSO, HISTÓRIAS DE BOLSO.
- Manuais de consulta: DICIONÁRIO PORTUGUÊS LÍNGUA ESTRANGEIRA, DICIONÁRIO VISUAL ATRAVÉS, DICIONÁRIO DA LÍNGUA PORTUGUESA,
- Publicacións periódicas portuguesas: prensa convencional (cando se dispoña dela) ou dixital, revistas específicas de gastronomía, cociña, viaxes, culturais... (serie CULINÁRIA, MARAVILHA, COZINHA REGIONAL...).
- Publicacións puntuais (conmemorativas ou de cooperación): DOIS PAÍSES, UM DESTINO.
- Textos de obras clásicas da literatura portuguesa e lusófona en xeral e da narrativa xuvenil actual.
- Medios de comunicación, nomeadamente a RTP (a Rádio Televisão Portuguesa) e o diario PÚBLICO na súa versión dixital.
- Internet (vídeos, enciclopedias, páxinas web e blogs: Lusopatía, AAp: Duolingo...).
- Cd e DVD con música de diferentes puntos da Lusofonía: Cesária Évora, Zeca Afonso, Vinícius de Moraes, Dulce Pontes, Amália Rodrigues, Tribalistas, Mariza, Ana Moura, Adriana Calcanhoto, Carolina Deslandês,
- Folletos publicitarios, notas informativas, información de produtos comerciais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial utilízase para detectar deficiencias de formación e coñecementos a nivel individual, e así poder establecer un modelo de actuación rápida e tamén para ter unha información básica do coñecemento instrumental básico que cada alumna ou alumno ten da materia, as súas fortalezas e debilidades, adaptado ao seu nivel. As xuntas de avaliación inicial de principio de curso serven para contrastar esta información parcial de cada materia e obter unha información máis completa e global de cada alumna ou alumno.

Nas dúas primeiras semanas do curso, pediráselle ao alumnado que cubra uns cuestionarios, adaptados a cada nivel, sobre diferentes aspectos da lingua portuguesa e da cultura dos pobos lusófonos. Así mesmo, desenvolveranse na clase diferentes actividades de comprensión oral para observar o grao de adquisición do alumnado (espontánea, no caso do alumnado que cursa a materia por primeira vez ou creado, no caso daqueles alumnos que xa o teñen cursado con anterioridade). En base aos resultados tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso. En calquera dos casos, cumprirá, en todos os niveis, axustar a avaliación da materia á progresión dos discentes, asegurándonos de realizar unha aprendizaxe con base firme e significativa. Normalmente, o alumnado que cursa 2º ESO ten coñecementos da materia por ser se tratar dunha lingua cunha estrutura moi próxima á do galego e porque, en moitos casos, cursouna nalgún curso da ESO. Con todo, no caso de alumnado que nunca cursase a materia, a profesora responsable, realizaralle un test de comprensión tanto oral como escrita para certificar a súa competencia no desempeño da nova materia. Este Departamento pode realizar unha valoración inicial que poderá incluír modalidade escrita e/ou oral. O contido da mesma estará en relación cos coñecementos que se lle supoñen adquiridos ao alumnado que entra no nivel. Poderá recoller os seguintes aspectos adaptados ao curso: Lectura Ditado Comprensión oral e escrita Producción de textos orais e escritos axustados a un contexto Actitude cara á materia No caso de detectar problemas individuais ou colectivos tentarase facer una valoración das necesidades a ter en conta, que terán que ver con aspectos coma os seguintes: A nivel individual consultarase os informes de cursos pasados de docentes e Orientación sobre problemas coma dislexias, dificultades de concentración, de comprensión lectora, de redacción, que tentarán ser solventados co reforzo e apoio necesario na aula ou fóra dela. Os resultados da avaliación

previa servirán de referencia para a adaptación do currículo ás esixencias de cada alumna ou alumno. O alumnado con necesidades especiais terá un seguimento individual e un reforzo adaptado ás súas características. O alumnado con altas capacidades terá una adaptación individualizada de acordo ao seu nivel de aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	53	45	60	45	60	53
Táboa de indicadores	47	55	40	55	40	47

Criterios de cualificación:

A avaliación dos alumnos deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nos niveis de debutante, a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

- A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Establécese tamén unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: traballo oral individual ou en grupo, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación e a soltura; en resumo, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente. Quedará constancia desta avaliación, do mesmo xeito cás demais, no caderno do profesor e nos traballos carregados na aula virtual do curso correspondente, que servirá como ficheiro de datos durante o curso para recoller a progresión do alumnado en cada unha das destrezas.
- A comprensión oral avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: audicións de cancións, relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, responder as cuestións que se formulen, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes e identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.
- A comprensión escrita avaliarase tamén cunha proba escrita e a realización de exercicios adecuados a cada nivel: descubrir erros, completar imaxes con texto, responder as preguntas realizadas, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.
- A expresión escrita avaliarase cunha proba e exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta resposta, fichas,), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos,), adecuados a cada nivel.

A cualificación final será o resultado da valoración de todos os instrumentos de avaliación. Organizaranse do seguinte xeito:

Comprensión escrita: 20% (textos escritos do seu nivel) (CE)* Comprensión oral: 20% (audicións do seu nivel) (CO *
 Expresión escrita: 20% (traballos e textos nas probas do seu nivel) (EE)* Expresión oral: 20% (tarefas de aula e probas orais do seu nivel) (EO)*
 Impártese como 2ª Lingua estranxeira e conta cun horario semanal de dous períodos de 50 minutos.

Criterios de recuperación:

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, artellaranse medidas encamiñadas á recuperación das unidades didácticas non superadas.

Durante o curso, aquel alumnado que non supere algunha avaliación, terá a oportunidade de recuperar no trimestre seguinte. Dado que a avaliación é continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas e orais) fragmentando a materia. Se o resultado da primeira avaliación non fose positivo, o alumnado poderá demostrar a adquisición dos coñecementos da mesma, durante a segunda avaliación. O mesmo rexe para a terceira avaliación respecto ás dúas anteriores.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Nos cursos da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, os contidos que se avaliarán son os que se sinalan para o nivel a recuperar como Contidos mínimos. O alumnado que teña pendente a segunda lingua estranxeira Portugués recibirá periodicamente diversos materiais para ir traballando ao longo do curso. Estes traballos serán entregados á profesora responsable e, a través deles, comprobarase o progreso. Os ditos materiais consistirán en exercicios de reforzo, de ampliación, en realización de fichas de léxico e outras tarefas como descrições e redaccións. Estas actividades valoraranse sempre tendo en conta o interese, o progreso e esforzo persoal, e a entrega dos traballos cumprindo o prazo. Coa entrega dos traballos, rematados e correctamente realizados, e a evolución positiva no nivel actual (superior ao do ano pasado, e polo tanto, incluído do mesmo, dado que se trata de contidos progresivos), considerarase que o/a alumno/a ten superada a materia pendente e non será necesario que se examine dela. De non se cumprir coas condicións descritas, o alumnado co portugués pendente terá que realizar tres probas nas datas que se establezan no centro para este fin. Unha destas probas será oral e as outras dúas escritas. A proba oral supoñerá un 30% da nota final e as escritas un 70%.

6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado da segunda lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender.

De feito, desde o momento en que os/as alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta esa diversidade de intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e será a profesora quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os/as alumnos/as do grupo co que se está traballando.

Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:

- Nun primeiro momento do proceso, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.
- Nas diferentes fases do proceso, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.
- Ao final do curso académico, considerando os progresos alcanzados polo/a alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

Polo que respecta ás medidas de atención á diversidade reguladas legalmente e das que dispón este centro, na materia de segunda lingua estranxeira, este curso, levamos a cabo as seguintes:

- Exención da segunda lingua estranxeira (o portugués, neste caso) para aqueles alumnos que, con informes previos de Primaria ou trala observación por parte do profesorado das linguas vehiculares no curso actual, mostren serias dificultades na área lingüística. No momento de iniciarse o curso, a Orientadora do centro informará do alumnado que se encontra nesta situación.
- En xeral, todo o alumnado de 2º ESO, por estudar algún alumnado a materia por primeira vez, precisa de máis axuda e seguimento por parte da profesora.

- En caso de existir alumnado con dificultades de aprendizaxe, deseñaranse estratexias e actividades (reforzaranse especialmente as tarefas asociativas con implicacións do visual) que lle axuden a acadar os mínimos de consecución.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - comprensión oral e escrita	X	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Portugués de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O emprendemento social e empresarial
- O fomento do espírito crítico e científico
- A educación emocional e en valores
- A igualdade de xénero
- A creatividade

Pola peculiaridade da materia de Portugués, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións de eventos de interese	Eventos relacionados coa lingua e cultura portuguesa	X	X	X
Actividade de animación á lectura	En colaboración coa biblioteca e Club de lectura	X	X	X

Observacións:

- Proxección de filmes de animación e curtametraxes.
- Aténdonos á dispoñibilidade das persoas contactadas e do orzamento do centro: sesións de contos orais, actuacións musicais, visitas ao centro de falantes nativos...
- Durante a primeira e/ ou terceira avaliacións, sempre que o orzamento do centro e a dispoñibilidade das persoas o permita, poderá realizarse algunha visita educativo- cultural a algunha vila/cidade portuguesa ou o desprazamento a algún evento en portugués en territorio galego.
- Se for posible, ben durante este curso ou o seguinte atendendo aos proxectos que as demais linguas presenten durante este curso académico- iniciarase o proceso para realizar un futuro intercambio entre o alumnado do IES Agra de Leborís e o alumnado dun instituto de Portugal.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Rúbrica de indicadores de logro (feita desde o departamento)
Metodoloxía empregada
Individual, en equipos de traballo (establecendo roles)..., explicacións de contidos, investigación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregar diversidade de reursos audiovisuais e elaborados por ámbalas dúas partes.
Clima de traballo na aula
Favorecer a participación e a escoita activa
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Empregar diversos medios de información : aula virtual, abalar...

Descrición:

Indicadores de logro RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE

Descrición:
 REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

O departamento ten elaborada unha rúbrica para a avaliación cos seguintes items:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.

9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Aínda que para impartir esta materia hai un único membro teranse en conta unha serie de aspectos para facer o seguimento da programación.

Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e de cualificación serán avaliados unha vez ao mes. Comprobarase se os materiais e os recursos utilizados son os adecuados, e en caso de observar algunha deficiencia ou inadaptación, ofertaranse novos procedementos que poidan ser máis eficientes.

Creemos que a nosa relación co alumnado, o intercambio de opinións ou valoracións pode resultar enriquecedora. Neste punto o proceso de autoavaliación por parte do profesorado será unha constante, reflexionando sobre a adecuación dos obxectivos didácticos e a selección de contidos, a pertinencia das actividades propostas, a secuenciación seguida na súa realización, a adecuación dos materiais empregados, o nivel axeitado de interacción entre o alumnado e o clima comunicativo que se establece na aula.

Farase tamén unha análise cualitativa dos resultados obtidos e tomaranse decisións que poden afectar á programación establecida. Calquera cambio substancial farase constar en acta.

En cada trimestre, farase unha recollida de datos de alumnado avaliado positivamente e comparárase cos resultados obtidos en cursos anteriores.

Esta recollida de datos, reflexións e propostas de mellora, serán recollidas en acta.

A avaliación concretarase nos seguintes criterios:

- Ao tratarse dun único membro no departamento non se poderá facer unha coordinación entre o profesorado, mais si unha reflexión sobre calquera aspecto ou tema a considerar.
- Posta en práctica da súa modificación, se a houberse, para alcanzar o establecido. Aparición de problemas ou necesidades non previstas que esixan ser consideradas.
- Adecuación da temporalización marcada para as unidades didácticas.

9. Outros apartados